



## A USC estuda a obesidade e os mecanismos que regulan o peso

**Santiago** | Ante a necesidade dun maior coñecemento dos mecanismos moleculares que controlan o peso corporal, a investigadora do Laboratorio de Endocrinoloxía Molecular da USC, María Pardo, está a identificar novos sinais de comunicación procedentes dos tecidos graxo e muscular, cuxa alteración en desordes alimentarios como a obesidade ou a anorexia, é responsable da desregulación enerxética propia destas doenzas. De cara ao futuro, os resultados da achega permitirán mellorar os tratamentos contra a obesidade.

Para a investigación, Pardo emprega a proteómica, unha técnica que desenvolve o Laboratorio de Endocrinoloxía Molecular para identificar biomarcadores da obesidade liberados dende diferentes tecidos. O traballo, titulado 'Identificación por proteómica de novas adipokinas e miokinas na obesidade humana', vén de gañar recentemente unha Axuda Merck Serno de Investigación 2007 da Fundación Salud 2000.

Outras investigacións do laboratorio, dirixido polo catedrático Felipe Casanueva, céntranse na secreción da hormona do crecemento, sendo un dos seus obxectivos profundar no estudo da deficiencia desta en adultos e a súa relación con outras hormonas. Ademais, o descubrimento da leptina, unha hormona que actúa como factor de saciedade, levou ao equipo de investigadores a analizar a súa fisioloxía.

Con máis de vinte anos de traballo e con numerosos artigos en revistas de prestixio internacional, o laboratorio tamén profunda nas hormonas tiroideas ou na caracterización de novos factores bioactivos non convencionais, entre outras moitas cuestións. ■